

EFICIENCIA ENERXÉTICA DE VIVENDAS, EDIFICIOS E LOCAIS

PRAZO: ata o 16/08/2024 na Sede Electrónica da Xunta, procedemento **VI406F**

CONCESIÓN: segundo a orde de presentación ou ata o esgotamento dos fondos.

AXUDAS: do 40% ao 80% da actuación, entre 6.300 e 18.800 euros.

Aforro enerxético conseguido	% máx. da subvención	Vivendas	Locais comerciais e outros
		Axuda max./vivenda (€)	Axuda max./m ² (€)
30% ≤ ΔC ep,nren < 45%	40	6.300	56
45% ≤ ΔC ep,nren < 60%	65	11.600	104
ΔC ep,nren ≥ 60%	80	18.800	168

- Poden ser subvencionables os **custos de xestión** e os gastos asociados, honorarios dos profesionais, a redacción dos proxectos, informes técnicos e certificados necesarios, os gastos de tramitación e outros gastos xerais similares, debidamente xustificados.
- Non son subvencionables as licenzas, taxas, impostos ou tributos. O **IVE poderá ser considerado elixible** sempre e cando non poidan ser recuperable ou compensarse total ou parcial.
- Cando se retiren elementos con amianto, poderá incrementarse a axuda por retirada, manipulación, o transporte e xestión dos residuos mediante empresas autorizadas, ata un **máx. de 1.000 €/vivenda, ou 12.000 €/edificio**.
- En situacións de **vulnerabilidade económica** de persoas propietarias ou usufrutuarias, a axuda poderá alcanzar **ata o 100 %** do custo da actuación.

SOLICITANTES

- Persoas físicas **propietarias, usufrutuarias, comunidades** e outras, de vivendas unifamiliares ou en edificios plurifamiliares, que **poden non ser o domicilio habitual e permanente e non ter empadramento**.
- Poderase autorizar a tramitación a un axente ou xestor da rehabilitación.

REQUISITOS DAS ACTUACIÓNS

- Actuacións en vivendas unifamiliares ou edificios residenciais colectivos e as súas vivendas, nos que polo menos o 50% da superficie, excluídas plantas inferiores, teñan uso residencial.
- Actuacións non iniciadas antes do 01/02/2020 nin rematadas a 15/06/2023. Se están iniciadas, necesítanse fotos de antes de comezar.
- Conseguir unha redución de, polo menos, un **30 % no indicador de consumo de enerxía primaria non renovable**, referida á certificación enerxética, e unha **redución da demanda enerxética anual global** de calefacción e refrixeración de polo menos **un 25%**.
- Non serán subvencionables as actuacións de investimento en xeradores térmicos con combustibles fósiles.
- Cumprir coa normativa vixente e contar coas preceptivas licenzas e autorizacións administrativas.
- Os **edificios con algún nivel de protección**, non será necesario o requisito de redución de demanda. Pero nos elementos da envolvente sobre os que se poida intervir deben cumprir cos valores límite de transmitancia térmica e de permeabilidade ao aire, cando proceda, establecidos na táboa 3.1.1.a-HE1 e 3.1.3.a-HE1, do Documento Básico DB HE de Aforro de enerxía do Código Técnico da Edificación.
- Nos edificios nos que se realizaren nos últimos catro anos intervencións de mellora da eficiencia enerxética nas que poida acreditarse que se reduciu a demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración nunha porcentaxe igual ou superior á establecida no apartado 1 quedan eximidos do cumprimento do requisito de redución de demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración.



- Cando nas ditas intervencións non se alcanzase unha redución igual ou superior á porcentaxe establecida, poderá considerarse satisfeito o requisito se coa consideración conxunta das actuacións realizadas nas citadas intervencións e as que se realicen na actuación obxecto da solicitude, se alcanzara a correspondente porcentaxe de redución de demanda establecida, o que deberá acreditarse mediante a correspondente certificación de eficiencia enerxética.

INFORMACIÓN:

Oficina de Rehabilitación de Vivenda 881 045 897.

Axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Camariñas Cita previa: 981 73 70 04